

*DON JOSÉ MARIA BAÑOS CAMPO SECRETARIO DO CONCELLO DE MONFORTE DE  
LEMOS (Lugo)*

## **CERTIFICA**

Que a Xunta de Goberno Local de 23 de novembro de 2015 en sesión ordinaria adoptou entre outros o seguinte acordo:

### **“ 5.- CONTRATACIÓN E SERVIZOS**

#### **F) PERSOAL**

#### **F1. BASES PSICOLOGA CIM. CONTRATACIÓN TEMPORAL EN 2016.**

Vista a providencia da Concelleira de Réxime Interno de data 17 de novembro de 2015,  
a Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte

#### **ACORDO**

Aprobar as bases de selección para a provisión temporal dun psicólogo/a a tempo parcial do CIM, co seguinte detalle:

**“BASES ESPECÍFICAS PARA A PROVISIÓN EN REXIMEN DE LABORAL  
TEMPORAL DUN POSTO DE PSICÓLOGO/A A XORNADA PARCIAL .**

#### **1.-NORMAS XERAIS.**

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo disposto na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local, o R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se arriba o regulamento de selección de persoal e , supletoriamente , o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado, Decreto 182/2004, do 22 de Xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu funcionamento, e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

#### **2.-OBXECTO DA CONVOCATORIA E DURACIÓN DO CONTRATO**

-O obxecto da convocatoria é a cobertura dunha praza de Psicólogo/a mediante contrato de obra e servizo a XORNADA PARCIAL (14 HORAS SEMANAIS), para realizar labores de atención Psicolóxica ás usuarias do Centro de Información á mulleres.

-A duración do contrato será dende a data que fixe o Alcalde-Presidente na resolución que autorice a contratación ata o 31/12/2016 (tendo en conta o criterio do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre a da Ley 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e sustentabilidade da Administración Local de continuidade do servizo a cargo da entidade local, e á espera do que resulte para o 2017). Facendo constar que se trata dunha tramitación anticipada de xeito que non se poderá formalizar o contrato ata a aprobación do Orzamento do exercicio 2016 ou as modificacións de crédito necesarias para o compromiso de gasto.

-O proceso se desenvolve baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial do Concello de Monforte de Lemos e Taboleiro de anuncios do Concello de Monforte de Lemos ).

### **3- FUNCIONES .**

As dispostas no artigo 16.3.2 do Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento:

- a) Atención psicolóxica.
- b) Realización de valoracións e orientacións psicolóxicas.
- c) Intervención individual.
- d) Realización de informes psicolóxicos naqueles supostos nos que foran solicitados por organismos públicos.
- e) Realización de prácticas de grupo e talleres de autoestima.
- f) Participación nas actividades do Centro de Información ás Mulleres.
- g) Colaboración na elaboración de memorias e documentos.

### **4.-REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.**

Para ser admitidos/as á realización das probas selectivas, as persoas aspirantes deberán posuír os seguintes requisitos, no día da finalización do prazo de presentación de solicitudes, o abeiro do Decreto 182/2004 da Consellería de Familia, Xuventude, Deportes e Voluntariado, de 22 de Xullo, polo que regulan os Centros de Información ás mulleres e se establecen os requisitos indispensables para o seu recoñecemento e funcionamento i en cumprimento do artigo 4.1 da Lei 2/2007 de 28 de marzo de traballo en igualdade das mulleres de Galicia:

1. Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto nos artigos 57 e 58 do Estatuto Básico do empregado público (Lei 7/2007, de 12 de